

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 29/09/2017 10:07:50
SAIDA
10823/17

Concello de Pontearreas
Xardíns da Xiralda, s/n,
36860 Pontearreas,
Pontevedra

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

Expediente **RSCTG 049 /2017**

Asunto: Recurso potestativo para a obtención de información pública

Con data de 9 de xuño de 2017 tivo entrada no Valedor do Pobo para a tramitación do RSCTG 049/2017 a seguinte documentación:

Oficio do Concello de Pontearreas no que se indica que a documentación presentada polo representante legal de ANTAP carece de defectos formais. Porque un fax non é unha comunicación oficial e unha fotocopia non acredita a veracidade da sinatura da persoa que a pon.

Por orde da presidenta da Comisión da Transparencia, no exercicio da función prevista no artigo 7. m) do Regulamento interno, aprobado o 14 de xuño (DOG nº 134 de 15 de xullo). E vista a documentación recibida é necesario recordarlle o seguinte:

O artigo 17.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro di que a solicitude de dereito de acceso á información pública poderá presentarse por calquera medio que permita ter constancia da identidade do solicitante. Pois ben, esa identidade está perfectamente constatada a través da remisión dun correo electrónico e da fotocopia do DNI e a fotocopia da autorización para representar á asociación ANTAP ante os organismos públicos e privados e cargos da asociación vixente datada o 1 de setembro de 2005, e na que consta a súa vixencia o 12 de maio de 2017.

O concepto de interesado, en materia de transparencia, ten unhas peculiaridades que convén salientar. O dereito de acceso á información pública recoñécese a todas as persoas (artigo 12 Lei 19/2013, do 9 de decembro). É suficiente coa identidade do solicitante (artigo 17.2 Lei 19/2013, do 9 de decembro), non existe obriga de motivación da solicitude (artigo 17.3 Lei 19/2013, do 9 de decembro), e se se dan os motivos “poderán ser tidos en conta cando se dite a resolución. Non obstante, a ausencia de motivación non será por si soa causa de rexeitamento da solicitude”. En todo caso, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, amplía aínda máis os dereitos do interesado, pois no artigo 24 equipara o interesado coa cidadanía en xeral. O artigo 24 reforza o dereito desta cidadanía e di que no exercicio do seu dereito ao acceso á información pública garantiráselle a posibilidade de utilización da

información obtida sen necesidade de autorización previa e sen máis limitacións que as derivadas desta ou doutras leis. Por tanto, é irrelevante que o solicitante de información pública teña ou non relación coa administración, coa materia da que solicita información, ou o lugar de residencia. O dereito de acceso á información pública non vén determinado polo feito do interese, senón polo feito de que se fai unha solicitude sobre unha materia que non está excluída ou limitada no seu acceso pola normativa vixente, porque a transparencia implanta no ordenamento xurídico o dereito da cidadanía a solicitar dos gobernantes, no sentido máis amplo, calquera información pública que xulgue oportuna.

Neste caso a petición versa sobre datos estatísticos en materia urbanística. O artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de cumprimento básico para tódalas entidades que integran a Administración Local establece que serán de obrigado cumprimento, publicar de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia de súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública o que obriga a publicar “ *a información estatística necesaria para valorar o grado de cumprimento e calidade dos servizos públicos que sexan da súa competencia, nos termos que defina cada administración competente*”. Igualmente é de obrigado cumprimento resolver (artigo 20 Lei 19/2013, do 9 de decembro) no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente. Este prazo poderá ampliarse por outro mes no caso do que o volume o complexidade da información que se solicita así o fagan necesario e previa notificación ao interesado. Así mesmo, o artigo 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, permite xustificar a inadmisión cando sexa necesaria unha acción previa de reelaboración e esta estea debidamente motivada.

A secretaria da Comisión


María Puy Fraga

 Comisión da
transparencia
de Galicia